

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DA VALORACIÓN DA SOLICITUDE Nº 13 PARA O USO DOS LOCAIS DO CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000093

### ANTECEDENTES:

-O Concello de San Sadurniño dotouse dun Centro Municipal de Empresas (CME), situado no edificio anexo ao Pazo da Marquesa

-No BOP nº 208 do 03/11/2016 publicáronse a ordenanza fiscal e o regulamento do CME

-Entre o 04/11/2016 e o 04/01/2017 abriuse un prazo inicial para que as persoas, empresas ou entidades interesadas puidesen presentar as súas solicitudes para facer uso dos servizos do CME. Posteriormente a estas datas a convocatoria de locais queda aberta de maneira permanente

-Un dos servizos do CME é o uso dos locais dispoñibles, e o artigo 10 do Regulamento do CME establece o réxime das solicitudes

-O artigo 12 do devandito regulamento desenvolve o proceso de avaliación das solicitudes

-Con data do 23/01/2017 esta Alcaldía emitiu unha resolución para a creación da Comisión técnica de valoración das solicitudes para o uso dos locais do CME

-Con data do 25/05/2017 recíbese no Rexistro municipal unha solicitude de locais do CME presentada por Ángel Pérez Pérez en nome de Correos

-Con data do 25/05/2017 a dita Comisión emite o seu informe de valoración.

-Con data do 26/05/2017 a Alcaldía aprobou a resolución de aprobación provisional da solicitude da Sociedad Estatal Correos y Telégrafos SA SME para o uso dun local do CME

Tendo en conta estes antecedentes

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Aprobar definitivamente a seguinte valoración da solicitude presentada o 25/05/2017 para o uso de locais do CME, coa puntuación obtida e indicando o local que lle correspondería segundo o indicado nos impresos de solicitude e a dispoñibilidade de locais baleiros:

Nº de solicitude	Persoa / Entidade solicitante	Puntuación	Local concedido
13	Sociedad Estatal Correos y Telégrafos SA SME / Ángel Pérez Pérez	<b>41</b>	<b>13</b>

2. Instar aos servizos municipais para que se expoña a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

En San Sadurniño, martes 13 de xuño de 2017

O Alcalde/Presidente

Secundino García Casal